



## ***GRAO DE ESTEREOTÍPIA E VARIÁBEIS AFECTIVO-MOTIVACIONAIS DA APRENDIZAXE ESCOLAR: AUTOCONCEITO E AUTOESTIMA<sup>1</sup>***

**Ana PORTO RIOBOO**

**Rosa SANTÓRUM PAZ**

Dpto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación

Universidade de A Coruña

### **RESUMO**

Este estudo ten por obxectivo a análise das posíbeis relacións entre estereotipos de xénero e autoconceito-autoestima. Para tal propósito a mostra inicial de 842 alumnas e alumnos de 2º e 4º da ESO das catro provincias galegas foi dividida en grupos atendendo ao grao de estereotípia, dos cais seleccionamos os mais extremos do contínuo: alunado non estereotipado ( $N = 229$ ) e moi estereotipado ( $N = 209$ ). Os resultados indicaron que as alumnas non estereotipadas obtiñan puntuacións mais elevadas nas catro dimensións do autoconceito avaliadas (xeral, académico, verbal e matemático) en relación coas suas compañeiras estereotipadas, que pola contra apresentaron unha autoestima mais negativa. Sen embargo, entre os alumnos estereotipados e non estereotipados praticamente non se amosaron diferencias nestas variábeis analisadas.

self-conception/self-confidence. In order to do this, the initial sample of 842 pupils in 2<sup>nd</sup> and 4<sup>th</sup> years of ESO (Spanish Compulsory Secondary Education), taken from the four provinces of Galiza, were divided into groups in view of the degree of stereotypicality, of whom the most extreme of the continuous were selected: nonstereotyped pupils ( $N=229$ ) and highly stereotyped ones ( $N=209$ ). The results indicated that nonstereotyped female students got higher marks than their stereotyped female schoolmates in the four dimensions of self-conception that were evaluated (general, academic, verbal and mathematical); the second group of pupils presented a more negative level of self-confidence. However, practically no differences were found between stereotyped and nonstereotyped male pupils with regard to the analysed variables.

### **INTRODUCIÓN**

Os estereotipos de xénero son definidos frecuentemente como un sistema de crenzas estruturadas acerca das características, atributos e comportamentos que se pensa que son

### **ABSTRACT**

The aim of this study is to analyse possible relationships between gender stereotypes and

1. Este artigo xorde do Proyecto FEDER 1FD97-1823 Los contextos de aprendizaje y desarrollo en la educación secundaria obligatoria (ESO): Perspectivas de intervención psicopedagógica sobre el fracaso escolar en la Comunidad Autónoma de Galicia. Dirección General de Investigación. Ministerio de Ciencia y Tecnología. Madrid

próprias e esperábeis das mulleres e dos homes (Martin e cols., 1990; Gardner, 1994; Hamilton e Sherman, 1994). Estas opinións ou crenzas imponen-se como un cliché aos membros dos grupos sexuais, que tratarán de acercarse ás características e atributos que os definen, ademais de manifestar atitudes, preferencias e percepcións congruentes coas expectativas de xénero.

Poden conceptualizarse segundo Neto e cols (1999) a dous niveis: por un lado como estereotipos de papeis de xénero que designan as crenzas compartidas sobre as actividades apropiadas ás mulleres e aos homes, e por outro lado como estereotipos de características de xénero que incluen os trazos psicolóxicos que diferencialmente se atribuyen a ambos sexos. Polo tanto pode-se concluir que os estereotipos de xénero refirense ás representacións xeralizadas e socialmente valoradas sobre o que as mulleres e os homes deben “ser” (características de xénero) e “facer” (papeis de xénero). Pola sua parte Santos Guerra (1998) destaca que os estereotipos axudan a coñecer as expectativas que se esperan de cada persoa en razón de sua pertenza a un ou outro sexo.

Na formación dos estereotipos interveñen procesos psicolóxicos de natureza cognitiva, motivacional-emocional e social actuando estes de forma interactiva; conlevan un desenvolvemento evolutivo considerábel, no que participan os factores que conforman o contexto particular de cada grupo, as experiéncias vividas e o grao de elaboración persoal das mesmas estreitamente vencellado ao nível de madurez psíquica (Cano e Ros, 1994; Barberá, 1998; Neto e cols., 1999). A vertente cognitiva sitúa ao estereotipo no ámbito dos procesos cognitivos relacionados coa categorización (Tajfel, 1981/1982) e cun tipo de representación mental (Sherman, 1996). As persoas simplifican a realidade mediante un proceso de selección da información, o que conleva un esquecemento de diferencias persoais. A través da vertente emotiva concebe-

se ao estereotipo como un proceso perceptivo ríxido asociado ao prexuízo, quer dizer, a unha atitude evaluativa baseada en sentimentos favorábeis ou desfavorábeis relativos ao contido dos estereotipos. Neste sentido Michel (1987) destaca a escasa distancia existente entre os prexuízos –como opinión preconcebida e determinada por factores sociais e/ou educativos- e os estereotipos expresados por medio de xuízos de opinión e sentimientos. Por último, o nivel social contempla o proceso da estereotípia relacionado coas funcións sociais intra e intergrupais.

Unha das principais áreas de estudio dentro do tema dos estereotipos de xénero foi a descripción do contido de tais estereotipos. En xeral, existe un alto grao de consenso sobre cais son os trazos mais frecuentemente atribuidos á muller e ao home, constituindo imaxes diferentes de cada un dos sexos. Os estudos sobre os estereotipos de xénero mais amplamente citados son os desenvolvidos por Broverman e cols. (Broverman e cols, 1972) que identificaron dous grupos de trazos asociados coas mulleres e cos homes, a simpatia e a expresividade estaban mais asociados coas mulleres e a competéncia e racionalidade caracterizaban mais aos homes, desta maneira enfatizaban trazos de personalidade como núcleo dos estereotipos de xénero. Na opinión de Deaux e Lewis (1984) esta abordaxe dos estereotipos que somente ten en conta trazos de personalidade é insuficiente para unha verdadeira comprensión do proceso de estereotípia.

Sen embargo, segundo Moya (1985) os trazos característicos dos estereotipos poderían-se agrupar en tres grupos. O primeiro refire-se a aptitudes, os homes son considerados mais intelixentes, fortes e hábeis que as mulleres; o segundo a intereses e valores, as mulleres están mais interesadas polos valores estéticos e sociais e os homes polos valores económicos e políticos; canto ao último grupo que considera características de personalidade, os trazos asociados ás mulleres serian a expresividade, a afectividade e a dependén-

cia, mentres que os asociados aos homes serían a inexpresividade, a motivación para o éxito, a domináncia e a independéncia. Os estereotipos de xénero conlevan case sempre un marcado aspecto valorativo, en xeral os trazos que compoñen o estereotipo masculino son valorados de forma mais positiva que os trazos do estereotipo feminino (Deaux e Kite, 1987; Matlin, 1987; Lips, 1988; Cremades e cols., 1991).

Os estereotipos sexistas, que se adquieren a través do medio e da aprendizaxe cultural, actúan baixo parámetros dun esquema binario non equitativo atribuindo ás mulleres unhas cualidades e debilidades que non se recoñecen nos homes. Segundo Archer (1984) non regulan os comportamentos feminino e masculino coa mesma intensidade, xa que o masculino é mais ríxido estando os nenos e xóvenes mais presionados polos axentes de socialización a comportar-se de acordo cos contidos do seu estereotipo. O estereotipo feminino é mais flexíbel (Pitcher e Schultz, 1983; Turner e cols., 1993; Pomar, 1997) de modo que ás nenas permite-se-lles traspasar as fronteiras do seu estereotipo cara o masculino dada a conciencia de maior prestíxio social do papel masculino.

Os estereotipos de xénero constituen un aspecto importante do período evolutivo da adolescencia incidindo na relevancia que lle conceden a determinadas dimensións do autoconceito, de modo que as autopercepcións estarian baseadas nos estereotipos sexuais tradicionais. Os estudos de meta-análise realizados dende o ano 1984 informaron dunha pequena mas significativa diferéncia na autoestima favorábel aos rapaces (Feingold, 1994; Hyde e Frost, 1993) e no autoconceito xeral (Hattie, 1992). En moitas investigacións atopou-se que as rapazas se preocupan mais da aparéncia física que os rapaces, unha diferéncia que se incrementa durante a adolescencia (Mendelson, e cols., 1996; Roberts, 1991) o que pode influir na aparición de diferencias sexuais na autoestima. Noutros estudos cando

se mediu o autoconceito global non se encontraron diferencias sexuais pero si cando se avaliaron dimensións específicas do autoconceito. Cando as diferencias aparecen, xeralmente van na liña dos estereotipos de xénero e a socialización diferencial, quer dizer, ambos pontuan mais alto en dimensións do autoconceito que están estereotipadamente asociadas co xénero (Jackson, e cols., 1994; Stake, 1992). As rapazas e as mulleres expresan mais confianza nas tarefas verbais mentres que elles manifestan maior confianza ante as tarefas matemáticas (Byrne e Shavelson, 1986; Hackett e cols., 1990; Skaalvik e Rankin, 1990).

A través da socialización diferencial as nenas e adolescentes son estimuladas para desenvolver un autoconceito no que se enfatizan as relacións con outras persoas e a comunicación mentres que nos nenos e xóvenes trata-se de desenvolver un autoconceito no que a separación das demais persoas e a independéncia é o mais importante. Desta forma as nenas e adolescentes tenden a valorar-se mais alto en medidas que requieren habilidades para establecer relacións con outras persoas e en medidas que reflecten bondade (Gadzella e Williamson, 1984; Marsh e Shavelson, 1985; Skaalvik, 1986; Stake, 1992), eles pola sua parte valoran-se mais en medidas que requieren habilidade para ser persuasivo, dominante e líder e nas que avalian a capacidade para manter a estabilidade interior baixo control (Andrews, 1987; Marsh e Shavelson, 1985; Zuckerman, 1989; Stake, 1992).

Joseph e cols. (1992) tamén encontraron diferencias de xénero no autoconceito académico consistentes cos estereotipos de xénero e con perspectivas teóricas acerca da construcción do xénero. Segundo estas perspectivas as mulleres teñen mais posibilidades de ter un autoconceito colectivo, agrupado e conectado, mentres que os varóns teñen mais probabilidade de apresentar un autoconceito autónomo, independente e individualista. Os resultados da investigación de Joseph e cols.

revelaron que para ambos sexos a autoavalía-  
ción global estaba relacionada coas normas de  
xénero apropiadas culturalmente. Sen embargo,  
a dirección desta relación non está clara,  
xa que, por unha parte, se as normas culturais  
predominantes apoian os roles tradicionais de  
xénero as atitudes de xénero mais tradicionais  
estarian asociadas cunha auto-valoración  
mais favorábel, e alternativamente, se as normas  
culturais apoian os roles de xénero non  
tradicionais entón as atitudes de xénero mais  
tradicionais deberían estar asociadas cun  
autoconceito menos favorábel. Outros estudos  
sobre a auto-valoración informaron que cando  
se encontraron diferencias sexuais relacionadas  
con esta área (auto-confianza, expectativas  
de éxito, atribucións para os resultados de  
éxito) case sempre eran favorábeis aos rapaces  
(Ruble e cols., 1993).

## **OBXECTIVOS E HIPÓTESES**

Stake (1992) revisando as diferencias de  
xénero no autoconceito global concluiu que  
estas xeralmente concordan cos estereotipos  
de xénero e coa socialización diferencial,  
mentres que a evidencia relativa ás diferencias  
de xénero no autoconceito académico é  
menos concluente xa que nalguns estudos non  
se encontraron diferencias e noutros detectouse  
un autoconceito académico mais alto nos  
varóns. O noso propósito é comprobar as  
semellanzas e diferencias no autoconceito do  
alunado estereotipado e non estereotipado  
obxecto de estudo e no caso de encontrar  
diferencias analizar se estas están relacionadas  
cos estereotipos de xénero.

A hipótese que queremos comprobar é que  
as alunas e alumnos desta mostra non apresen-  
tarán diferencias na sua auto-avalía-  
ción global mas si en dimensións específicas do auto-  
conceito, diferencias coincidentes cos estere-  
otipos de xénero e coa socialización diferen-  
cial. Así, de acordo cos estereotipos de xénero  
as alunas mais estereotipadas apresentarán  
un autoconceito verbal mais alto que osalu-

nos mais estereotipados e estes un autocon-  
ceito matemático maior que o das suas com-  
pañeras. Na mesma liña, tamén hipotetizamos  
diferencias no autoconceito do alunado  
estereotipado e non estereotipado, e que as  
alunas mais estereotipadas apresentarán unha  
autoestima mais negativa que as suas compa-  
ñeras e compañeiros e consecuentemente as  
alunas non estereotipadas manifestarán unha  
auto-valoración mais alta.

## **PROCEDIMENTO E TÉCNICAS DE ANÁLISES**

### **Mostra**

A mostra total obxecto da investigación  
foi de 842 alunas e alumnos de 2º e 4º da ESO.  
Os centros onde se obtiveron os dados están  
ubicados nas catro provincias galegas. En  
concreto, na provincia de Pontevedra o alunado  
representa o 40,1% (338), en A Coruña  
supón un 33,1% (279), en Lugo as alunas e  
alumnos que cumplimentaron os cuestionarios  
desta mostra constituen un 21,7% (183), mien-  
tres que na provincia de Ourense o alunado  
informante foi do 5% (42).

A distribución da mostra en canto á variá-  
bel curso foi a seguinte: 432 cursaban 2º curso  
da ESO e 410 era alunado de 4º da ESO. En  
relación á variábel sexo está formada por 412  
mulleres e 430 homes (48,9% e 51,1%, res-  
pectivamente).

Para obter un índice do grao de estereotípia  
utilizamos as Escalas A e B do Cuestiónario de  
Percepción de Xénero (CPX), o cuestiónario  
¿Quen Fai Que? (QFQ), e do Inventarió de  
Atitudes de Xénero (XAI) seleccionamos os  
ítems do Factor 1 (Liderazgo Político e Roles  
de Traballo) e dos Factores 2 e 3 conxuntamen-  
te (Valores Expresivos-Comunais e  
Instrumentais-Axentes, respectivamente) –ver  
descripción no apartado de instrumentos de  
medida-. En cada Escala obtivo-se unha pon-  
tuación global que foi transformada nunha pon-

tuación t ( $\bar{x} = 50$  e  $S\bar{x} = 10$ ), ademais en cada unha das cinco Escalas dividimos a mostra en dous grupos; estes grupos obtiveron-se a partir da mediana en cada unha das Escalas, quer

dicer cada grupo compon-se de aquel alunado que en cada Escala pontua por enriba ou por debaixo do valor ou punto que divide á povoación en duas mitades iguais (ver táboa 1).

Táboa 1. Descripción da Mostra en función do Grao de Estereotípia nas Escalas de Xénero e Sexo

		Alunas		Alunos		Total
		N	%	N	%	
G.E. Modelos Familiáres	Non Est.	204	46.0	239	54.0	443
	Est.	208	52.5	188	47.5	396
G.E. Comport. e Aptitudes	Non Est.	211	49.1	219	50.9	430
	Est.	202	49.0	210	51.0	412
G. E. Profisións	Non Est.	259	61.1	165	38.9	424
	Est.	150	36.7	259	63.3	409
G.E. Lid. Pol. e Roles de Trab.	Non Est.	284	72.4	108	27.6	392
	Est.	114	28.1	291	71.9	405
G.E. Cualidades e Trazos	Non Est.	214	55.7	170	43.3	384
	Est.	184	46.6	229	55.4	413

Para obter un índice de estereotípia global subdividiuse a mostra computando o número de Escalas nas que cada suxeito estaba estereotipado, de modo que os suxeitos que manifestaban estereotípia nunha ou en ningunha das Escalas pasaron a denominarse grupo dos *non estereotipados*, no caso de manifestar estereo-

típia en catro ou cinco das Escalas o grupo denominouse *moi estereotipado*. O alunado que manifestaba estereotípia en duas ou tres das Escalas, que se denominou *estereotipado*, non se terá en conta nas análises que a continuación se presentan. A descripción da mostra en función do sexo apresenta-se na táboa 2.

Táboa 2. Descripción da Mostra en función das variábeis Grao de Estereotípia Global e Sexo

Grao de Estereotípia		Alunas		Alunos		Total
		N	%	N	%	
Grao de Estereotípia	Non Est.	153	66,8	76	33.2	229
	Est.	187	46.3	217	53.7	404
	Moi Est.	73	34.9	136	65.1	209

Nas escalas A e B do Cuestionario de Percepción de Xénero o *grupo moi estereotipado* está composto por alunado que considera que: a) determinados comportamentos e aptitudes danse con mais frecuencia nas rapazas, en concreto perciben que a meticulosidade, preocupación polas demais persoas, responsabilidade, amabilidade, obediéncia, orde, docilidade, dozura, coidado da aparéncia física e o carácter sensíbel caracterizan en gran medida ás rapazas. Pola contra, manifestan que a valentía, agresividade, destreza física e a competitividade son atributos mais frecuentes nos rapaces (Escala A); b) hai unhas profisións mais axeitadas para ser desempeñadas polas mulleres –enfermería, profesora-

do de infantil e perruquería/estética-, e outras que son mais adecuadas aos homes, entre as que sinalan enxeñería, carpintería, gandeiría e mecánica (Escala B).

Ademais este grupo manifesta que nas suas familias existe unha división sexual dos traballos do ámbito do fogar, constatando-se que as mulleres son as que seguen realizando as tarefas que dentro deste ámbito se lle atribuiron tradicionalmente, así seguen sendo tarefas desempeñadas por mulleres as seguintes: lavar os pratos, varrer/pasar a aspiradora, poñer a roupa a lavar e tendé-la, pasar o ferro, coser/arranxar a roupa, facer a lista da compra e comprar, decidir que se cociña e cociñar, ir

de tendas/comprar roupa, fazer as camas e coidar/regar as plantas; nestas familias aos homes reservan-se-lle tarefas como cravar cravos para poñer cadros, colocar/reparar lámpadas, levar o coche ao taller, lavar ou levar o coche a lavar e arranxar enchufes. Estes dados obtiveron-se a través do cuestionario *¿Quen Fai Que?*.

O grupo moi estereotipado obxecto de análise deste estudo tamén manifesta atitudes de xénero estereotipadas e sexistas, avaliadas mediante o Inventario de Atitudes de Xénero (XAI), na medida en que aceita a división sexual de tarefas e/ou funcións laborais e políticas e mantén valores tradicionais relacionados co traballo e o liderato político, especificamente, prioriza o traballo da muller na casa, culpabiliza á muller de non lograr a sua promoción ou relega-se a espensas do home e responsabiliza ao home das decisións económicas, en canto ao liderado político, fan recoller nos homes o liderado político e moral aducindo-se razóns non especificadas ou a emotividade da muller para excluí-la de cargos políticos. Quer dicer, trataria-se dunha atitude baseada na aceitación de que a muller debe estar destinada ao mundo privado, o home ao público, a muller reproducindo o modo de vida e o home producindo-o, a muller como un suxeito pasivo e o home instalado na actividade produtiva. O grupo moi estereotipado tamén asocia valores expresivo-comunais coas mulleres, asigna ás mulleres cualidades tradicionais como a amabilidade, a forza creativa, a bondade, a sua maior disposición para axudar ou adicar-se a outras persoas, e atribue os valores instrumentais-axentes aos homes, cualidades tradicionalmente asignadas aos homes, como a competitividade, a seguridade, o espíritu aventureiro, a independéncia e a sua maior adecuación a determinadas profisións e negócios.

Unha vez creada a variábel quixemos comprobar se determinadas variábeis afectivo-motivacionais da aprendizaxe escolar: Autoconceito-Autoestima avaliado a través

do cuestionario ESEA-2 e da Escala de Autoestima de Rosenberg teñen unha relación de dependéncia co grao de estereotípia, para isto recorremos ao Modelo Lineal Xeral Multivariante.

### ***Instrumentos de medida***

- 1) ***¿Quen Fai Que? (QFQ)***. Este cuestionario composto por 30 items trata de comprobar que persoa da familia do alunado realiza habitualmente tarefas que teñen que ver coa alimentación, hixiene, vestuario, asisténcia a membros da familia, administración e mantemento da casa. Neste caso as posíbeis respostas foron: “muller”, “home”, “ambos” e “persoa a soldo”.
- 2) ***Cuestionario de Percepción de Xénero (CPX)***. A) CPX.A. Trata de avaliar comportamentos e aptitudes que se poden considerar como que son mais frecuentes en rapazas, en rapaces ou indistintamente. Está formado por 36 items. Ao alunado pedia-se-lle que indicara se eses comportamentos e aptitudes se daban con mais frecuencia en rapaces ou en rapazas, ou se se podían presentar tanto neles como nelas. Polo tanto, as alternativas de resposta que se ofrecían eran: “mais nas rapazas”, “mais nos rapaces” e “ambos”. B) CPX.B. Intenta constatar se o alunado considera que hai profisións mais axeitadas para as mulleres, os homes ou que non importa o sexo á hora de realizar calquera profisión. Apresentaronse 16 profisións coas seguintes opcións de resposta: “mais para as mulleres”, “mais para os homes” e “ambos”. Este Cuestionario é o anterior QFQ son de elaboración propia.
- 3) ***Inventario de Atitudes de Xénero (XAI)***. Este cuestionario está deseñado para coñecer que atitudes ten o alunado acerca de distintos tópicos relacionados co sistema sexo-xénero. Os 40 items que o forman están extraídos do inventario do

mesmo nome elaborado por Richard D. Ashmore, Frances K. Do Boca e Scott M. Bilder (1995). Unha vez obtida a fiabilidade do Inventario (Alpha de Cronbach = ,8694) realizou-se unha Análisis Factorial Exploratoria polo método de componentes principais, ao que se aplicou unha rotación varimax. Como resultado obtiveron-se 8 factores con valores propios superiores a 1 e porcentaxe de varianza explicada de 11,62. Neste estudo só utilizamos os 3 primeiros factores que fan referencia ao liderato político e roles de traballo e aos valores expresivo-comunais e instrumentais-axentes.

- 4) **E.S.E.A.-2.** A Escala de Avaliación do autoconceito para adolescentes elaborada por J.C. Nuñez Pérez –forma abreviada do SDQII de Marsh (1991)- está formada por 70 afirmacións que avalian once dimensións específicas e unha global do autoconceito. Das doce dimensións seleccionamos as que median Autoconceito Xeral, Matemático, Verbal e Académico, polo que podemos obter unha visión de como se percibe a si mesmo o alumnado a nivel global, en relación co traballo escolar e mais concretamente nas áreas verbal e matemática.
- 5) **Escala de Autoestima de Rosenberg.** A través de 10 items pode-se coñecer se o alumnado apresenta sentimientos de fracaso e insecuridade ante os estudos –autoestima negativa- ou mantén confianza nas proprias capacidades e satisfacción co seu rendimento.

## **RESULTADOS**

### **A. Autoconceito**

A avaliación do autoconceito realizou-se a partir do cuestionario ESEA-2 do que seleccionamos os catro primeiros factores: Autoconceito Xeral, Matemático, Verbal e Académico, que

tomados en conxunto amosan diferencias significativas entre alunas e alumnos ( $p$  de  $T=.002$ ) e entre o grupo estereotipado e non estereotipado ( $p$  de  $T=.012$ ) –ver táboas 3 e 4-.

Ao analisar o efecto do factor **sexo** observamos que os alumnos obteñen pontuacións mais altas no autoconceito xeral ( $\bar{x}=51,46$  en alumnos e  $\bar{x}=49,20$  en alunas) e as alunas no verbal ( $\bar{x}=50,33$  nas alunas e  $\bar{x}=46,89$  para os alumnos), sendo as diferencias estatisticamente significativas ( $p<.006$  e  $.015$ , respectivamente) e no académico ( $\bar{x}=49,89$  en alunas e  $\bar{x}=48,89$ ), ainda que neste último autoconceito as diferencias non son significativas.

O efecto do factor **grafo de estereotípia** mostra que o *grupo non estereotipado* obtén meias mais altas no autoconceito verbal, académico -cuxa diferéncia é significativa a respecto do grupo estereotipado- ( $p<.001$  e  $.034$ ) e no matemático, sen embargo no autoconceito xeral as meias alcanzadas por ambos grupos son praticamente iguais

A interacción entre os factores **sexo e grafo de estereotípia** permite afirmar o seguinte: No *Autoconceito Xeral* as *rapazas Non Estereotipadas* obteñen unha meia mais alta que as *rapazas Esterotipadas* ( $\bar{x}=50,05$  e  $\bar{x}=47,40$ ) cunha diferéncia próxima á significatividade ( $p<.065$ ). Nos *alunos* son os *Estereotipados* os que alcanzan unha meia superior aos *Estereotipados* ( $\bar{x}=51,78$  e  $\bar{x}=50,90$ ). No *Autoconceito Matemático* as *alunas Non Estereotipadas* conquiren pontuación meia de 50,55 maior á das *Estereotipadas* ( $\bar{x}=47,98$ ), diferéncia que tamén está cerca de ser estatisticamente significativa ( $p<.086$ ). No caso dos *alunos* a meia más alta é lograda polo grupo dos *Esterotipados* ( $\bar{x}=49,04$  e  $\bar{x}=48,98$ ). En relación ao *Autoconceito Verbal*, unha vez mais, son as *alunas Non Estereotipadas* as que obteñen pontuacións meias maiores que as suas compañeiras do grupo *Estereotipado* ( $\bar{x}=51,74$  e  $\bar{x}=47,34$ ) resultando esta diferéncia significativa ao nível de .002. Polo que se refire aos *alumnos*

nesta dimensión do autoconceito os resultados van na liña inversa á obtida nas dimensóns anteriores, xa que aquí quen obteñen a meia mais alta son os do grupo Non Estereotipado ( $\bar{x}=48,34$  e  $\bar{x}=46,03$ ), diferéncia que está próxima á significatividade ( $p<.085$ ). Por último, analisando os dados do *Autoconceito Académico* pudemos comprobar unha vez

mais, ao comparar o grupo de *alunas* non estereotipadas e estereotipadas, que son as primeiras as que logran pontuacións meias maiores ( $\bar{x}=51,37$  e  $\bar{x}=46,74$ ) sendo a diferéncia estatisticamente significativa ( $p<.002$ ). No grupo de *alunos* non estereotipados e estereotipados case que non se aprecian diferencias de meias nesta dimensión do autoconceito.

Táboa 3. Estatísticos descritivos e Proba t de Diferencias de Meias

	<b>Sexo</b>	<b>Grao de Estereotípia</b>	<b>Meia</b>	<b>Des. típ.</b>	<b>p</b>	<b>N</b>
<b>Aut.Xeral</b>	Muller	Non Ester.	50,0573	9,5898		153
		Estereotip.	47,4004	10,9301		72
		Total	<b>49,2071</b>	10,0903	,065	225
	Home	Non Ester.	50,9012	8,2456		76
		Estereotip.	51,7897	8,6587		130
		Total	<b>51,4619</b>	8,4993	,470	206
	Total	Non Ester.	50,3374	9,1561		229
		Estereotip.	50,2252	9,7344		202
<b>Aut.Matemát.</b>	Muller	Non Ester.	50,5560	10,4091		153
		Estereotip.	47,9884	10,4101		72
		Total	<b>49,7344</b>	10,4553	,086	225
	Home	Non Ester.	48,9846	9,7698		76
		Estereotip.	49,0439	10,1621		130
		Total	<b>49,0220</b>	9,9953	,967	206
	Total	Non Ester.	50,0345	10,2069		229
		Estereotip.	48,6677	10,2379		202
<b>Aut.Verbal</b>	Muller	Non Ester.	51,7450	9,4515		153
		Estereotip.	47,3483	10,1220		72
		Total	<b>50,3380</b>	9,8650	,002	225
	Home	Non Ester.	48,3451	9,1371		76
		Estereotip.	46,0394	9,2686		130
		Total	<b>46,8900</b>	9,2653	,085	206
	Total	Non Ester.	<b>50,6166</b>	9,4653		229
		Estereotip.	<b>46,5059</b>	9,5770		202
<b>Aut.Académ.</b>	Muller	Non Ester.	<b>51,3766</b>	10,3101		153
		Estereotip.	<b>46,7481</b>	10,3964		72
		Total	<b>49,8955</b>	10,5391	,002	225
	Home	Non Ester.	<b>48,6710</b>	10,4613		76
		Estereotip.	<b>48,8098</b>	10,4387		130
		Total	48,7586	10,4217	,927	206
	Total	Non Ester.	<b>50,4787</b>	10,4161		229
		Estereotip.	<b>48,0749</b>	10,4448		202

Podemos concluir sinalando que o *grupo de alumnas* non estereotipadas ten maior autoconceito, nas catro dimensóns avaliadas, que o grupo de alunas estereotipadas, resultando as diferencias estatisticamente significativas na dimensión verbal e académica. No caso dos *alumnos* son os do grupo estereotipa-

do os que obteñen pontuacións más altas pero só nas dimensóns do autoconceito xeral e matemático; na dimensión verbal sucede o contrario, é o grupo dos non estereotipados o que logra meias superiores, ainda que as diferencias non son significativas en ningunha dimensión.

Táboa 4. Probas dos efectos inter-suxitos e significación multivariábel

Fonte	Variábel dependente	Sig. $T^2$	F	Sign.
Sexo	Autoconceito Xeral		7,610	,006
	Autoconceito Matemático		,062	,804
	Autoconceito Verbal		6,005	,015
	Autoconceito Académico		,093	,760
			,002	
Grao de Estereotípia	Autoconceito Xeral		,869	,352
	Autoconceito Matemático		1,458	,228
	Autoconceito Verbal		12,167	,001
	Autoconceito Académico		4,524	,034
			,012	
Sexo * Grao de Estereotípia	Autoconceito Xeral		3,493	,062
	Autoconceito Matemático		1,599	,207
	Autoconceito Verbal		1,184	,277
	Autoconceito Académico		5,101	,024
			,203	

Cruzando as variábeis sexo e grao de estereotípia, quer dizer, comparando o grupo de alunas e alumnos Non Estereotipadas co grupo de alunas e alumnos Estereotipadas podemos afirmar en relación co *Autoconceito Xeral* que no grupo *Non Estereotipado* non existen praticamente diferencias entre alunas e alumnos, mentres que no grupo *Estereotipado* os alumnos obteñen pontuacions meias mais altas que as alunas ( $\bar{x} = 51,78$  e  $\bar{x} = 47,40$ ) apresentando diferencias que case resultan significativas ( $p < .062$ ). No *Autoconceito Matemático* no grupo *Non Estereotipado* quen logran meias superiores son as alunas ( $\bar{x} = 50,55$  e  $\bar{x} = 48,98$ ) mentres que no grupo *Estereotipado* son os alumnos ( $\bar{x} = 49,04$  e  $\bar{x} = 47,98$ ). Os dados do *Autoconceito Verbal* informan-nos, con respecto ao grupo *Non Estereotipado*, que as alunas deste grupo obtiveron pontuacions meias maiores aos seus compañeiros de grupo ( $\bar{x} = 51,74$  e  $\bar{x} = 48,34$ ), sucedendo o mesmo no grupo *Estereotipado* ( $\bar{x} = 47,34$  e  $\bar{x} = 46,03$ ). No *Autoconceito Académico*, e tal e como aconteceu nas duas dimensíons anteriormente analisadas, tamén son as alunas do grupo *Non Estereotipado* as que pontuan mais alto en comparación cos seus compañeiros ( $\bar{x} = 51,37$  e  $\bar{x} = 48,67$ ); no grupo *Estereotipado* as pontuacions maiores obteñen-nas os alumnos ( $\bar{x} = 48,80$  e  $\bar{x} = 46,74$ ) resultando esta diferéncia estatisticamente significativa ( $p < .024$ ). Resumindo podemos sinalar que no grupo

*Non Estereotipado* son as *alunas* as que obteñen pontuacions maiores en tres das dimensíons avaliadas do autoconceito (matemático, verbal e académico), mentres que no grupo *Estereotipado* os alumnos presentan maior autoconceito xeral, matemático e académico e as alunas deste grupo obteñen pontuacions mais altas no autoconceito verbal.

### B. Autoestima

Para avaliar a autoestima utilizamos a Escala de Autoestima de Rosenberg. A proba de significación  $T^2$  mostra diferencias significativas entre o grupo estereotipado e non estereotipado ao considerar conjuntamente ambas variábeis dependentes (ver táboas 5 e 6).

Ao analisar o factor **sexo** verificamos que son os alumnos ( $\bar{x} = 50,33$ ) os que presentan unha maior autoestima positiva, a pesar de que a diferéncia coas alunas ( $\bar{x} = 49,81$ ) non é significativa. Na autoestima negativa praticamente non se observan diferencias entre alumnos e alunas ( $\bar{x} = 49,49$  e  $\bar{x} = 49,09$ ).

Ao considerar o **grafo de estereotípia** observamos que existen diferencias significativas ( $p < .015$ ) a favor do grupo estereotipado na autoestima negativa ( $\bar{x} = 50,50$  e  $\bar{x} = 48,18$ ) e do grupo non estereotipado na positiva ( $\bar{x} = 50,63$  e  $\bar{x} = 49,43$ ), ainda que esta non resultou ser significativa.

Táboa 5. Estatísticos Descritivos e Proba t de Diferencias de Meias

	<b>Sexo</b>	<b>Grao de Estereotípia</b>	<b>Meia</b>	<b>Des. tip.</b>	<b>p</b>	<b>N</b>
<b>Autoestima Negativa</b>	Muller	Non Ester.	47,7066	9,5407		152
		Estereotip.	52,0337	10,1232		72
		Total	49,0974	9,9180	,002	224
	Home	Non Ester.	49,1519	10,2622		76
		Estereotip.	49,6899	9,6319		136
		Total	49,4970	9,8416	,704	212
	Total	Non Ester.	48,1883	9,7883		228
		Estereotip.	50,5012	9,8440		208
<b>Autoestima Positiva</b>	Muller	Non Ester.	50,7931	9,0766		152
		Estereotip.	47,7404	10,6784		72
		Total	49,8119	9,7021	,028	224
	Home	Non Ester.	50,3216	9,4813		76
		Estereotip.	50,3386	10,4350		136
		Total	50,3325	10,0807	,991	212
	Total	Non Ester.	50,6360	9,1952		228
		Estereotip.	49,4392	10,5670		208

A interacción do factor **sexo** por **grafo de estereotípia** mostra que no grupo de *alunas* as Estereotipas presentan unha *Autoestima Negativa* maior que as do grupo Non Estereotipado ( $\bar{x}=52,03$  e  $\bar{x}=47,70$ ) resultando a diferéncia estatisticamente significativa ( $p<.002$ ). Entre os *alunos* estereotipados e non estereotipados case que non se presentan diferencias neste tipo de autoestima ( $\bar{x}=49,68$  e  $\bar{x}=49,15$ ). En relación coa *Autoestima Positiva* son as *alunas* do grupo Non Estereotipado as que obteñen pontuacións más altas ( $\bar{x}=50,79$  e  $\bar{x}=47,74$ ) sendo tamén a diferéncia significa-

tiva ( $p<.028$ ). Non se observan diferencias entre os *alunos* dos grupos non estereotipados e estereotipados ( $\bar{x}=50,32$  e  $\bar{x}=50,33$ ). En conclusión, ao ter en conta o *grupo de alunas* vemos que as diferencias entre o grupo de non estereotipadas e estereotipadas é significativa no caso de ambas autoestimas, ainda que no caso da negativa a meia mais alta obten-a o grupo de estereotipadas, mentres que na positiva obten-a o de non estereotipadas. No *grupo de alunos* estereotipados e non estereotipados praticamente obteñen as mesmas pontuacións en ambas autoestimas.

Táboa 6. Probas dos efectos inter-suxetos e significación multivariábel

Fonte	Variábeis dependentes	Sig. $T^2$	F	Significación
Sexo	Autoestima Negativa		,205	,651
	Autoestima Positiva		1,136	,287
		,568		
Grao de Estereotípia	Autoestima Negativa		6,021	,015
	Autoestima Positiva		2,314	,129
		,045		
Sexo *	Autoestima Negativa		3,652	,057
	Autoestima Positiva		2,366	,125
		,122		

Se comparamos o grupo de *alunas* e *alunos* Non Estereotipadas co grupo de *alunas* e *alunos* Estereotipadas podemos afirmar en relación a *Autoestima Negativa* que as *alunas*

do *grupo Non Estereotipado* presentan pontuacións meias inferiores ás dos *alunos* ( $\bar{x}=47,70$  e  $\bar{x}=49,15$ ), mentres que na *Autoestima Positiva* case que non se aprecian diferencias

entre alunas e alumnos ( $\bar{x} = 50,79$  e  $\bar{x} = 50,32$ ). No grupo *Estereotipado* as alunas son as que apresentan unha *Autoestima Negativa* maior que os alumnos ( $\bar{x} = 52,02$  e  $\bar{x} = 49,68$ ) sendo a diferença estatisticamente case significativa ( $p < .057$ ); na *Autoestima Positiva* son eles os que apresentan pontuacións meias más altas ( $\bar{x} = 50,33$  e  $\bar{x} = 47,74$ ) en comparación coas alunas do mesmo grupo. Resultando que os estereotipos sexistas nas alunas están asociados con autoestima negativa e nos alumnos coa autoestima positiva.

## DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS

Dado que partimos de que o autocoñecemento non é neutro xa que se adquire a través da interacción nun contexto social e físico concreto onde se desenvolven as persoas, queremos sinalar que as análises e conclusións que a continuación realizaremos refiren-se á sociedade ocidental especificamente á galega, cunhas normas, roles, valores e axentes de socialización diferentes a outras culturas.

Os resultados obtidos permiten-nos concluir o seguinte: a) considerando só o sexo do alunado, os alumnos obtiveron pontuacións más altas no autoconceito xeral e as alunas no verbal, diferéncias estas que resultaron significativas e, b) atoparon-se diferéncias significativas tamén no autoconceito do alunado estereotipado e non estereotipado, en concreto as alunas non estereotipadas apresentaron un autoconceito verbal e académico maior que as do grupo estereotipado e os alumnos do grupo estereotipado un autoconceito académico significativamente maior que as alunas deste mesmo grupo.

Os alumnos independentemente do grao de estereotípia que presentan consideran que teñen moitas cousas das que estar orgullosos, gostan de si mesmos, e cren que o que fan, en xeral, fan-no ben. Os alumnos do grupo estereotipado e as alunas non estereotipadas opinan que teñen bons resultados na maioria das mate-

rias, valoran-se como bons e boas estudiantes, ademais de apreciar que non teñen problemas coa maioria das matérias xa que non as consideran dificeis. Por último, este mesmo grupo de alunas tamén obtén bons resultados en lingua e aprende rápido, gostan do traballo que realizan nas aulas de lingua e teñen un óptimo desempeño nas tarefas que requieren habilidades lingüísticas.

Outras diferencias observadas entre o alunado da mostra, que pese a non ser significativas cremos que deben ser comentadas, refírense ao feito de que as alunas do grupo non estereotipado presentaron maiores pontuacións que os seus compañeiros de grupo no autoconceito matemático, verbal e académico, mentres que no grupo estereotipado son os alumnos os que obtiveron maiores pontuacións nas dimensións do autoconceito xeral e matemático, e as alunas no verbal.

A respecto da autoestima obtiveron-se diferencias significativas entre o grupo non estereotipado e estereotipado, especificamente foi este último o que presentou unha maior autoestima negativa. Estas diferencias apontan a que as alunas estereotipadas pontuaron mais alto en autoestima negativa e as do grupo non estereotipado en autoestima positiva. Polo que podemos dizer que as alunas non estereotipadas son rapazas que manteñen attitudes positivas cara si mesmas, consideran-se capaces de facer as cousas tan ben coma outras persoas, avalian-se como persoas de valía, con boas cualidades e están satisfeitas consigo mesmas. Mientras que as alunas estereotipadas senten-se inclinadas a pensar que fracasan en moitos aspectos da sua vida, non teñen boa consideración de si mesmas, nem perceben as cualidades positivas da sua persoa e non se senten satisfeitas.

Á vista dos resultados acadados estamos en condicións de afirmar que a hipótese formulada confirma-se só parcialmente, xa que en contra do postulado os alumnos presentaron un autoconceito global mais alto que as alu-

nas; as alunas mais estereotipadas non manifestaron ter un autoconceito verbal maior, e os alumnos estereotipados tñan pontuaron mais alto no autoconceito matemático. Sen embargo, si que se obtiveron diferéncias entre o alumnado estereotipado e non estereotipado, especificamente entre as alunas destes dous grupos, en distintas dimensíons desta variábel, sendo as alunas do grupo non estereotipado as que apresentaron maiores pontuacíons nas catro áreas avaliadas. Por outro lado, a parte da hipótese referida á autoestima confirmou-se en relación ás alunas, dado que as alunas mais estereotipadas foron as que apresentaron unha autoestima negativa mentres que a do grupo non estereotipado era positiva.

En conclusión, nas alunas observa-se unha asociación entre atitudes de xénero tradicionais e auto-valoración e autoestima mais negativa, ocorrendo o caso inverso nas alunas que non manteñen estereotipos de xénero, que traspasan as barreiras das normas culturais que apoian os roles de xénero tradicionais. Polo tanto, as alunas que cren que todas as actividades poden ser desempeñadas por calquera persoa, que tanto as mulleres como os homes temos aptitudes, intereses e trazos psicolóxicos semellantes, son rapazas que se valoran positivamente, que confian nas suas habilidades e, en consecuencia otorgaran-se mais posibilidades e aspiracíons e maiores expectativas de éxito, dado que os autoesquemas definen ou posibilitan o que unha pode ser ou facer no futuro. Sen embargo, nos alumnos non podemos dicer que se dea esta asociación xa que entre o grupo dos estereotipados e non estereotipados non se apreciaron diferéncias significativas en ningunha das dimensíons avaliadas do autoconceito, nem na autoestima.

Os estereotipos de xénero tamén poden levar ao profesorado a percebir de forma diferente a alunas e alumnos e a formar-se expectativas mais elevadas para os rapaces nas actividades tipicamente masculinas e con relación ás rapazas nas tarefas tradicionalmente femi-

ninas. Estas expectativas que manifesta na interacción pedagóxica van influir nas auto-percepcións das alunas e alumnos e consecuentemente na sua motivación, esforzo e expectativas de éxito nas diferentes tarefas escolares. Sendo conscientes desta influencia corresponde-lle á escola valorar e fortalecer valores, modelos e atitudes de xénero non tradicionais, impulsar programas de intervención tendentes a neutralizar a discriminación da que son obxecto as rapazas e favorecer comportamentos asertivos e activos nas alunas a fin de permitir-lles desenvolvimentos persoais nos que conquiran niveis altos de autoestima e autoconceito.

## REFERÉNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANDREWS, P.A. (1987): Gender differences in persuasive communication and attribution of success and failure. *Human Communication Research*, 13, 372-385.
- ARCHER, J. (1984): Gender roles as developmental pathways. *British Journal of Social Psychology*, 23, 245-256.
- ASHMORE, R.D., DEL BOCA, F.K. e BILDER, S.M. (1995): Construction and validation of the Gender Attitude Inventory, a structured Inventory to assess multiple dimensions of gender attitudes. *Sex Roles*, 11/12, (32), 753-785.
- BARBERÁ, E. (1998): Estereotipos de género: construcción de las imágenes de las mujeres y los varones. En J. Fernández (Coord.): *Género y sociedad* (pp. 177-206). Madrid. Pirámide.
- BROVERMAN, I.K. e cols. (1972): Sex-role stereotypes: A current appraisal. *Journal of Social Issues*, 28, 59-78.
- BYRNE, B.M. e SHAVELSON, R.J. (1986): On the structure of adolescent self-concept. *Journal of Educational Psychology*, 78, 474-481.
- CANO, I. e ROS, M. (1994): Imagen y norma social sobre la estereotipia. *Revista de Psicología Social*. 9 (1), 43-64.
- CREMADES, A., RODES, I., SIMON, E. e SIMON, N. (1991): *Materiales para coeducar. El comentario de texto: aspectos cautivos*. Madrid: Mare Nostrum.

- DEAUX, K. e LEWIS, L. (1984): Structure of gender stereotypes: Interrelationships among components and gender label. *Journal of Personality and Social Psychology*, 46 (5), 105-116.
- DEAUX, K. e KITE, M.E. (1987): Thinking about gender. En B.B. Hess e M.M. Ferree (Eds.): *Analyzing gender: A handbook of social science research*. Newbury Park: Sage.
- FEINGOLD, (1994): Gender differences in personality: A meta-analysis. *Psychological Bulletin*, 116, 429-456.
- GADZELLA, B.M. e WILLIAMSON, J.D. (1984): Differences between men and women on selected Tennessee self-concept scales. *Psychological Reports*, 55, 939-942.
- GARDNER, R.C. (1994): Stereotypes as consensual beliefs. En M.P. Zanna e J.M. Olson (Eds.): *The psychology of prejudice: The Ontario Symposium* (vol.7). Hillsdale, NJ: LEA
- HACKETT, G., BETZ, N.E., O'HALLORAN, M.S. e ROMAC, D.S. (1990): Effects of verbal and mathematics task performance on task and career self-efficacy and interest. *Journal of Counseling Psychology*, 37, 169-177.
- HAMILTON, D.L. e SHERMAN, J.W. (1994): Stereotypes. En R.S. Wyer e T.K. Srull (Eds.): *Handbook of social cognition. Vol 2: Applications*, Hillsdale, NJ: LEA.
- HATTIE, J. (1992): Correlates of self-concepts. En J. Hattie (Ed.): *Self-concept*. (pp.176-181). Hillsdale, NJ: Erlbaum .
- HYDE, J.S. e FROST, L.A. (1993): Meta-analysis in the psychology of women. En F.L. Denmark e M.A. Paludi (Eds.): *Psychology of women: A handbook of issues and theories* (pp. 67-103). Westport, CT: Greenwood Press.
- JACKSON, L., HODGE, C. e INGRAM, J. (1994): Gender and self-concept: A reexamination of stereotypic differences and the role of gender attitudes. *Sex Roles*, 9-10, (30), 615-630.
- JOSEPH, R.A., MARKUS, H.R. e TAFARODI, R.W. (1992): Gender and self-esteem. *Journal of Personality and Social Psychology*, 63, 391-402.
- LIPS, H.M. (1988): *Sex and gender: An introduction*. Mountain View: Mayfield.
- MARSH, H.W. (1991): *The Self Description Questionnaire (SDQ) II. A theoretical and empirical basis for measurement of multiple dimensions of adolescents self-concept: An interim test manual and a research monograph*. San Antonio, TX: The Psychological Corporation.
- MARSH, H.W. e SHAVELSON, R. (1985): Self-concept: Its multifaceted hierarchical structure. *Educational Psychologist*, 20, 107-123.
- MARTIN, C.L., WOOD, C.H. e LITTLE, J.K. (1990): The development of gender stereotype components. *Child Development*, 61, 1891-1904.
- MATLIN, M.W. (1987): *The psychology of women*. New York: Rinehart and Winston.
- MENDELSON, B.K., WHITE, D.R. e MENDELSON, M.J. (1996): Self-esteem and body esteem: Effects of gender, age and weight. *Journal of Applied Developmental Psychology*, 17, 321-346.
- MICHEL, A. (1987): *Fuera moldes. Hacia la superación del sexismio en los libros infantiles y escolares*. Barcelona: LaSal
- MOYA, M. (1985): Identidad, roles y estereotipos de género. *Revista de Psicología General y Aplicada*, 40, 457-472.
- NETO, A. e cols. (1999): *Estereótipos de género*. Lisboa: Comissão para a Igualdade e para os Direitos das Mulheres.
- PITCHER, E.G. e SCHULTZ, L.H. (1983): *Boys and girls at play: The development of sex roles*. New York: Bergin & Garvey Publishers.
- POMAR, C. (1997): *Actividade física e estereótipos de género: Estudo da percepção da apropriação e do desempenho motor de género em actividades lúdico-motoras*. Dissertação de Mestrado (texto policopiado). Faculdade de Motricidade Humana. Universidade Técnica de Lisboa.
- ROBERTS, T. (1991): Gender and the influence of evaluations on self assessments in achievement settings. *Psychological Bulletin*, 109, 297-308.
- RUBLE, D.N., GREULICH, F., POMERANTZ, E.M. e GOCHBERG, G. (1993): The role of gender-related processes in the development of sex differences in self-evaluation and depression. *Journal of Affective Disorders*, 29, 97-128.

- SANTOS GUERRA, M.A. (1998): La sexualidad en las organizaciones escolares. En J. Ramos (Coord.): *El camino hacia una escuela coeducativa* (pp.71-107).Sevilla: MCEP (2<sup>a</sup> ed.)
- SHERMAN, J.W. (1996): Development and mental representations of stereotypes. *Journal of Personality and Social Psychology*, 70 (6), 1126-1141.
- SKAALVIK, E.M. (1986): Sex differences in global self-esteem: A research review. *Scandinavian Journal of Educational Research*, 30, 167-179.
- SKAALVIK, E.M. e RANKIN, R.J. (1990): Math, verbal, an xeral academic self-concept: The internal/external frame of reference model and gender differences in self-concept structure. *Journal of Educational Psychology*, 82, 546-554.
- STAKE, J.E. (1992): Gender differences and similarities in self-concept within everyday contexts. *Psychology of Woman Quarterly*, 16, 349-363.
- TAJFEL, H. (1981/1982): *Grupos humanos e categorias sociais* (2 vols.). Lisboa: Livros Horizonte.
- TURNER, P.J., GERVAI, J. e HINDE, R.A. (1993): Gender-typing in young children: Preferences, behaviour and cultural differences. *British Journal of Developmental Psychology*, 11, 323-342.
- ZUCKERMAN, D.M. (1989): Stress, self-esteem, and mental health: How does gender make a difference?. *Sex Roles*, 20, 429-444.